

Con acento no acento

Música e deporte teñen moitas cousas en común

Escribe: Ramón Latas

Se cadra, algún(ha) de vós, ó ler algunha das paridiñas que adoitado escribir no “Boletín Deportivo”, chegou a preguntarse: “¿Que fai un músico coma ti nunha revista de deportes coma esta?”. E a resposta límitase a estas tres palabras: “Pois xa ves”.

E é que, se o pensades ben, música e deporte teñen moitas cousas en común: cancións nos estadios, canchas ou pavillóns; himnos dos equipos, das competicións; temas como “**We are the champions**” ou “**We will rock you**” que xa son uns clásicos nos altofalantes dos recintos deportivos... Pero ademais, hai algo que me agrada especialmente como característica común de música e deporte: a súa universalidade. Disque a música é a máis universal das linguaxes. Pois o deporte non lle vai á zaga. Calquera afeccionado ó baloncesto de calquera parte do mundo, por exemplo, podería xogar partidos contra calquera outro baloncestista anque non fale o seu idioma oral. Porque os dous saben as regras do xogo, mesmo que un sexa das antípodas do outro, e iso é o que os une e fai posible a comunicación. E que dicir que non se saiba xa de acontecementos como os Xogos Olímpicos ou os Mundiais de calquera modalidade deportiva. Mistura de idiomas, linguas e acentos, pero comunicación total e absoluta entre tódolos/alas participantes.

¿**A** que vén todo este limiar? Pois vén ó conto dunha nova que me indignou fondamente. A directora de **Telemadrid radio**, a emisora pública da Comunidade de Madrid, vén de relegar das súas funcións de locutor a un redactor arxentino de deportes, Luis Pedro Bonofiglio, por considerar que o seu acento “non é axeitado para a radio pública madrileña”. E claro, que me perdoe esta señora, pero se isto é certo, demostra un fondo descoñecemento de moitas cousas e unha ferinte falla de sensibilidade.

En primeiro lugar, descoñecemento dos dereitos humanos, porque discriminar a unha persoa polo seu acento é o mesmo ca facelo pola súa raza, cor, sexo, sexualidade ou calquera outra

...a emisora pública da Comunidade de Madrid, vén de relegar das súas funcións de locutor a un redactor arxentino de deportes, Luis Pedro Bonofiglio, por considerar que o seu acento “non é axeitado para a radio pública madrileña”...

peculiaridade inherente ó ser humano. Pero ademais, a señora directora –e isto xa é grave desde o cargo que ostenta- atenta con esta decisión contra da esencia mesma da propia especialidade informativa de Bonofiglio: o deporte. Porque o deporte é universal. Porque se nalgún eido conviven idiomas, acentos e diversidades humanas varias, este é o eido deportivo. Porque cando eses redactores entrevistan a deportistas, o normal é que agromen multitude de acentos de diversas partes do mundo. Se eses acentos son permitidos nos entrevistados, ¿qué problema hai en que os exhiban os propios xornalistas? A conclusión que se pode tirar deste feito é que *a señora directora ten tanta idea de deporte, no seu aspecto técnico e humano, coma min da vida sexual do ornitorrinco de Kuala Lumpur.*

...o deporte é un idioma universal...

Por mor desta decisión tan inxusta como caprichosa, moitos/as compañeiros/as de Bonofiglio decidiron solidarizarse con el e deixar tamén a súa locución no programa “Madrid al tanto”, no que interviña o redactor arxentino discriminado, solidariedade encabezada polo propio director do mesmo (xa ex director), José Luis Poblador. Eles si que demostraron e demostran ter idea de dereitos humanos. Pero ademais, demostran que si son uns auténticos profesionais da información deportiva, porque saben que o deporte é un idioma universal. Porque saben que a variedade de acentos é algo habitual do deporte. E porque non entenden que se pretenda informar do deporte, concepto universal, cando unha xefa ou “xefecilla” pretende impor unha estreitez de miras tan cativa a algo tan inmensamente grande como é o deporte. Tan grande, que a algúns non lles entra nos miolos.